

Poemas da Galiza que se perdeu escritos en Nova York

“Onde eu vivo viven polacos, italianos, rusos. Ninguén sabe quen son eu, nin que existe Galiza a miña patria”. E, porén, **Francisco Álvarez, Koki** (A Guarda, 1957), residente en Nova York desde hai décadas, resístese. “Na nosa casa fálase galego, sexa na Galiza, en Nova York ou na China”. E escríbese, porque Koki é poeta e o seu último libro titúlase *A memoria das palabras* (Edicións Fervenza, 2018).

Daniel Salgado

3 de febreiro de 2019

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/poemas-da-galiza-perdeu-escritos-nova-york/20190131130519075614.html>

“Si, as palabras teñen memoria, porque están na lembranza dos nosos corazóns e na dignidade das persoas”, explica a *Sermos Galiza* vía correo electrónico, “aínda que moitos queiran esquecerlas. Tamén están na memoria dos que matan a esperanza”. Para se sobrepór a esa amnesia deu ao prelo 39 poemas que o prologuista, o crítico **Armando Requeixo**, define como “melancólicos, vibrantes e doridos, o fío de Ariadna que une dous espazos e dous tempos”.

“Descubro o tempo que me falta / para encher as horas perdidas. / Abro o forno e fumo a cinza / que morre na retina. / O tempo é unha hora sonámbula / que non camiña”, escribe baixo a sombra de **Manuel Antonio**. “O que se perdeu non se recupera máis”, afirma, preguntado pola nostalxia que atravesa o libro, “pero máis que nostalxia, levo unha dor no corazón por ollar unha Galiza surrealista onde se desprezan lingua e memoria”.

E é que a outra liña de forza da *Memoria das palabras* é a denuncia, a acusación política. “O poeta ten que facer soñar coas palabras, pero tamén repetilas até a saciedade para educar o pobo”, considera, “o poeta, por medio delas, ten que ser a conciencia colectiva dun pobo. Se non é así, para que escribir”. Composicións directas como *A riqueza*, *Coitelos* ou *Na ponte de Brooklyn* son probas da súa hipótese.

“Creo que, como país, **Valle-Inclán** podía hoxe escribir un bo esperpento da nosa sociedade, civil e política”, describe desde a distancia trasatlántica, “hoxe utilizan Castelao e outros bos e xenerosos aqueles que aínda hoxe loitan contra o seu legado sociopolítico”. O *Poema de Fin de Ano* pon en verso: “Danme asco as mentiras solidarias, / a ardentía dos falsos Mesías, / e loito por asumir tódolos días / estas existencias de filosofías urticarias”.

Celso Emilio Ferreiro ou **Uxío Novoneyra** figuran como presenza tutelares para o Koki da *Memoria das palabras*. Pero tamén compañeiros en activo, como **Xosé Vázquez Pintor**,

homenaxeado nun epígrafe. Ou os mencionados por Requeixo no limiar: **Xosé Lois García**, o seu colega do Baixo Miño **Eliseo Alonso**, ou **Arcadio López-Casanova**.

A distancia

“Sempre mantiven un cordón umbilical con Galiza, no eido familiar e social, e no literario”, entende, “temos unha moi boa narrativa e tamén excelentes voces poéticas que nada teñen que envexar a outros países. Pero tamén hai moito narcisismo e pouca humildade”. A súa obra en galego é extensa –tamén escribe e publica en castelán– e en 2018, canda *A memoria das palabras*, deu luz dous volumes dirixidos á infancia, *Vasoiras Barreiro* (Fervenza) e *Un neno na emigración* (Fervenza), ambos os dous trilingües en galego, castelán e inglés.

É xustamente a emigración, que o propio Koki encarna en primeira persoa, un dos seus leit motiv fundamentais como autor. De feito, conclúe cun desexo que tamén soa a proxecto: “Espero que algún día se escriba a historia da emigración. Pero non polos que mandan”.